

EL SÁBADO

FARO DE VIGO • Sábado, 4 de febrero de 2006 • NÚMERO 447

Co gallo do seu centenario, a Real Academia Galega vén de presentar a edición definitiva de *Os Eoas*, obra na que Eduardo Pondal traballou toda a súa vida e que, tras máis de medio século desaparecida, ve a lus da man dun volume crítico a cargo de Xosé Ramón Pena e Manuel Forcadela.

Os tempos son chegados

A Real Academia Galega e Sotelo Blanco Edicións publican a versión definitiva de “*Os Eoas*”, nunha edición a cargo de Manuel Ferreiro

Natalia Álvarez

Durante toda a súa vida, Eduardo Pondal estivo fascinado por tres ideas que constituíron o eixo da súa obra poética. Por unha banda, o Bardo cría que a lingua galega tiña que demostrar que era válida, non só para a poesía costumista ou as cantigas populares, senón para a escrita de calquera tema.

Os Eoas, como epopea, reflicte absolutamente esta teima pondaliana: se na xerarquía establecida ata o momento, era considerada o xénero por excelencia, ao escribir unha grande obra épica conseguiría demostrar a validez universal da nosa lingua.

Esta idea emparentábase directamente, segundo subliña Xosé Ramón Pena no seu estudo “*Os Eoas e a procura dunha epopea fundacional*”, con outra das fascinacións de Pondal: demostrar que el era a persoa chamada a levar adiante esta tan alta tarefa.

Esta idea era compartida polo seu círculo de amigos, que o aguilloaban nas súas cartas e nas tertulias da “cova céltica” para que levase a cabo a escrita do que tería que ser o poema fundacional da literatura galega. “É por iso que Pondal estivo toda a vida obsesionado por tratar de demostrar que estaba á altura como poeta, e que sería capaz de facer ese empeño”, explica Pena.

A galeguidade de Colón

Na busca dun grande tema que contar nesa epopea, xorde a terceira grande fascinación do Bardo: a conquista de América e a figura de Colón, que na versión definitiva d’*Os Eoas* é galego.

Porén, Pondal non recolle a tese da galeguidade do navegante ata a versión definitiva da súa obra. E na súa decisión influíron, dalgún xeito, filias e fobias persoais. É que o gran defensor desa teoría era, naqueles momentos, Celso García de la Riega, íntimo inimigo de Murguía, o grande amigo do Bardo.

Entón, por que se produce o cambio? No seu estudo, Xosé Ramón Pena apunta que Pondal recolle definitivamente a tese da galeguidade de Colón gracias a Constantino Horta, un persoeiro residente en Cuba que tiña magníficas relacións co lobby xudeo nos EE UU, nacionalista galego e -e esto é crucial- gran ad-



mirador de Pondal e Murguía.

Horta mantén correspondencia co Bardo durante os primeiros meses de 1913. Nas súas car-

tas apela a razóns científicas e recorre aos alicerces ideolóxicos do propio pensamento pondaliano, describindo a Colón como

unha gloria galega, española e ibérica.

Daquela, o Bardo acepta a galeguidade do navegante e come-

za a redatar a que sería a versión definitiva da epopea.

O traballo dunha vida

Ao longo da súa vida, Pondal fixo innumerables versións da súa obra, convertida sen dúbida nunha obsesión.

As primeiras noticias que temos da epopea datan de 1857, ano no que aparecen publicados en “*Galicia Médica*” uns primeiros versos do longo proxecto colombino.

No devir dos anos, a epopea sufriu tamén cambios de nome: Pondal titulouna, nun primeiro momento, “*América Descuberta*”; logo coñeceríase como “*Os Hespéridas*”, ata chegar ao título definitivo.

Estes cambios poden considerarse como unha sorte de alegoría do constante traballo de revisión que levou a cabo Pondal. En 1880, o Bardo xa tiña unha primeira versión concluída, dato que sabemos pola correspondencia que mantiña con Rosalía

★ Houbo tres intentos de publicación en vida de Pondal

de Castro, quen, en xullo dese ano, lle pregunta cando vai publicala.

Cinco anos máis tarde, *Os Eoas* estaban xa para ser editados na imprenta do xornal “*Galicia Liberal*”. Por que no se publicaron entón? “Quizais pola revisión constante que facía da obra, ou tamén porque “*Galicia Liberal*” crebrou en 1886”, explica Xosé Ramón Pena.

En 1887, Pondal tiña unha nova versión que se editaría coincidindo co Cuarto Centenario do Descubrimento. Pero, unha vez máis, o intento de publicación frústrase.

Pondal segue a traballar n’*Os Eoas* e, neses anos finiseculares e primeiros do século XX, hai continuas referencias na súa correspondencia, así como na prensa da época, anunciando o seu remate e próxima publicación.

PASA Á PAXINA SEGUINTE

VEN DA PÁXINA ANTERIOR

O terceiro intento de edición do que temos constancia data de 1914, ano no que Pondal xa tiña un mecanoscrito final que sería publicado na editorial Ribadeneira, en Madrid. “Pero entra nunha crise física e psíquica e, finalmente, non pode viaxar á capital”, apunta Xosé Ramón Pena.

O Bardo morre en 1917 e, aínda que hai un intento de publicación por parte de Carré Aldao e Lúgrís Freire en 1921, non chega a bo porto. Nos anos 30, o mecanoscrito pérdese.

A redescuberta

Houbo varios intentos, un deles a cargo de Amado Rincón, de sacar á luz a obra a partir dos papeis da “maleta de Pondal” que estaban depositados na Real Academia.

Porén, houbo que agardar ata o 2000, ano en que Manuel Ferreiro, responsable da edición final d’*Os Eoas* que vén de saír do prelo, da, entre os fondos da Real Academia, co mecanoscrito idiógrafa.

“Foi un dos días máis felices da miña vida”, afirma o investigador, que comezou a traballar sobre a obra de Pondal fai vinte anos. “É unha satisfacción moi grande ter sido o responsable desta edición e, ao mesmo tempo, unha honra, porque un tamén traballa movido por razóns coletivas, de país, e a grande obsesión de Pondal foi que a súa obra non era del, era de Galicia”.

O mecanoscrito deixado polo Bardo é unha colección de cuartillas numeradas por cantos, que incluía a nota ao lector e mesmo a indicación do Rexistro da Propiedade Intelectual, aínda que Manuel Ferreiro, ao facer as xestións pertinentes, descubriu que non había constancia de que fora rexistrado.

Semellaba unha tarefa doada ordenar os materiais. Porén, ao comezar o estudo do material atopado, foron xurdindo dificultades, por exemplo, erros na numeración.

“Ademais, aínda sendo esta a versión definitiva, dalgunha oitava hai mesmo catro versións diferentes. Había, entón, que escoller unha e pasar o resto ao aparato crítico”, explica o investigador.

Tamén se deu o caso de que faltaba algunha oitava, ou, dentro dalgunha delas, algún verso. Para solucionar estes problemas, Manuel Ferreiro, estudioso dos materiais previos -eses millares de cuartillas que Pondal foi escribindo ao longo de toda a súa vida-, buscou entre eles e, finalmente, atopou os textos que faltaban.

Ademais desta labor de ordeación, xurdiron diversos problemas técnicos de edición. “O mecanoscrito presenta correccións a man de Pondal quen, ás veces, risca unha palabra e pon outra. Porén, outras non risca, senón que escribe varias posibilidades. Nestos casos, puxen a palabra escrita a máquina, e o resto de variantes van todas ao aparato crítico”.

Manuel Ferreiro tamén se atopou con correccións a man que non son de Pondal, senón das persoas que pasaron *Os Eoas* a máquina e das que se descoñece a súa identidade. “Tras estudar o texto con moito coidadiño, coído que houbo, como mínimo, dúas. Creo que foi así pola tendencia a



Arriba, Xosé Ramón Pena e Manuel Forcadela. Á esquerda, Manuel Ferreiro.



cometer os mesmos erros”.

En definitiva, un traballo complexo que, tras anos de preparación, agora chega aos lectores nun volume onde se inclúen, ademais da versión definitiva da epopea, toda unha serie de materiais complementarios que permitirán seguir estudándoa máis polo miúdo.

Achegamento crítico

Unha primeira investigación é “Dos acuáticos eremos”, de Manuel Forcadela. Nela, o autor analiza os aspectos internos do texto e marca unha serie de temáticas sobre as que xira a epopea, seguindo a Crítica da Ideoloxía.

“É unha corrente que analiza a ideoloxía baseándose no propio texto. Deste xeito, eu analizo as

tensións que vou atopando e deducindo unha serie de preguntas ás que o texto quere responder ou, simplemente, formular”, apunta Forcadela.

O investigador explica que *Os Eoas* está imbuído por todos os acontecementos sociais, políticos e culturais da época na que foi escrito. “Sen poñermos en dúbida a noción de autoría, si que a poñemos en suspensión, no sentido de que o poeta toma as decisións non só dende un punto de vista estético e ideolóxico, senón tamén tendo en conta a sociedade na que vive e o público ao que quere chegar”.

A proposta de Forcadela parte dunha cuestión central: a posibilidade dunha epopea a finais do século XIX, cando xa György Lukács escribira a súa Teoría da Novela, na que propuña que fora precisamente este xénero a nova epopea.

O investigador chega a conclusión de que o Bardo escribe unha obra épica na que a aventura que se conta non é tanto o descubrimento de América como a propia aventura da linguaxe. “Son o propio texto e a súa construción os

que se converten no tema central. É dicir, é unha epopea que conta como se escribe a si mesma”.

Así, Pondal sitúa a súa propia figura nun plano paralelo á de Colón, de tal maneira que se produce unha alegoría entre a navegación no mar e a navegación da linguaxe, así como tamén entre a descuberta de América e a descuberta de novos territorios poéticos, simbólicos e lingüísticos.

Este proceso vai acompañado por unha reconstrución da personaxe de Colón. Neste senso, Forcadela recorre a historia da epopea e advirte como o Colón de Pondal é un Ulises filtrado a través de Dante quen, douscentos anos antes do nacemento do descubridor, xa se facía eco na Divina Comedia das primeiras ilusións da burguesía italiana por poder extender o seu ámbito comercial máis aló do Mediterráneo.

O poema de Pondal é tamén un xogo entre a Razón e a sinrazón, no que Os Eoas, os “mensaxeiros da luz”, chegan a territorios escuros aos que levan o progreso, o coñecemento e a ciencia.

Finalmente, o investigador estuda o feito de que o Bardo debuxara a Colón coma un gran navegante galego. É a través desta concepción onde se nos mostra toda a ideoloxía política de Pondal: o iberismo, “a refundación do Estado Español en base ás súas nacións constituíntes -incluída Portugal- en pé de igualdade, na que os galegos terían unha función ilustre: ser, nin máis nin menos, e a través dun xogo poético-cartográfico, a fronte da Iberia”.

En definitiva, n’*Os Eoas* plásmanse unha diversidade de conflitos -entre racionalismo e irracionalismo, entre galeguismo, españolismo e iberismo, entre realismo e simbolismo- que fan da obra, segundo Forcadela, “un texto c o m p l e x o , cunha linguaxe escura, que entra

perfectamente dentro do proxecto estético pondaliano de facer, tal e como dicía X.L.Méndez Ferrín, un discurso de *distanciamento vaticinante*”.

Sendo esta que nos ocupa unha edición erudita na que se fixa o texto dunha forma máis ou menos canónica, agardamos por novas edicións que poidan achegar *Os Eoas*, a obra máis simbólica da literatura galega, ao maior número de lectores posible, incluídos os escolares.

★ Manuel Ferreiro atopou o texto definitivo en 2000

A desaparición do mecanoscrito

Ata o seu descubrimento, poucos eran os que confiaban na existencia dun mecanoscrito definitivo da epopea pondaliana. Entre eles atopábase X.L. Méndez Ferrín, quen culpa á Real Academia de non ser dilixente co texto, desaparecido na década dos 30. “Houbo unha absoluta incompreensión por parte de xente como Carvalho Calero ou Bouza Brey, que chegaron á conclusión de que *Os Eoas* non era unha obra literariamente válida, que era anacrónica”, apunta o autor galego.

Pero, o texto se ocultou de forma consciente? Para Méndez Ferrín, esta tese queda no ámbito do ruxe ruxe. Porén, Xosé Ramón Pena, -para quen nesta epopea atopamos un novo

Pondal “na complexidade do seu pensamento, como patriota galego, español e iberista”- opina que chega un momento no que, sendo considerado xa Pondal como o poeta nacional galego, se empeza a estimar que a publicación d’*Os Eoas* non convén para os intereses dun sector do nacionalismo, no que se atopaba Vicente Risco.

Precisamente, o autor da “Teoría do Nacionalismo Galego” escribía en 1935: “Pondal deunos a conciencia da Raza. Nen podía dar máis nen compría que dese máis [...] Tamén millor sería que non se publicara máis de Pondal”.

En calquera caso, Xosé Ramón Pena apunta que o posible españolismo de Pondal que se reflicte n’*Os Eoas*, onde se canta un dos grandes

logros do Imperio Español, non ten por que entrar en contradición co seu galeguismo e iberismo: “Os rexionalistas non limitan o seu pensamento a Galicia, senón que queren construír unha nova idea de España e da Península Ibérica”, declara Pena.

Pola súa banda, X.L. Méndez Ferrín apunta que, dado que Pondal necesita facer un poema fundacional que se convirte en referencia universal da lingua, non escolle un tema nacional galego, senón ibérico. “Hai que distanciarse da realidade e, igual que fixo Jacint Verdaguer en *La Atlántida*, facer non un poema de tema nacional, senón un poema na lingua nacional con tema que se supón universal”

Un debate sobre la educación

Los niños con los niños, las niñas con las niñas

MARÍA CALVO.
Almuzara. 152 páginas.

María Calvo Charro, profesora titular de Derecho Administrativo en la Universidad Carlos III de Madrid y madre de cuatro hijos, aborda en este libro las características de las escuelas que proporcionan una educación diferenciada para chicos o para chicas.

A partir de los resultados de las investigaciones empíricas de expertos de distintas disciplinas (biólogos, antropólogos, pedagogos, psiquiatras, psicólogos...), la profesora Calvo analiza con rigor las ventajas e inconvenientes que se atribuyen a la educación diferenciada.

Destaca, en primer lugar, los cambios que se están produciendo en distintos países (Estados Unidos, Suecia, Alemania, Reino Unido...) para introducir de modo flexible diversas fórmulas de enseñanza diferenciada. Ante problemas no resueltos por la coeducación, se ha im-



puesto dar prioridad a los datos sobre los viejos discursos ideológicos. Y los datos, según María Calvo, son contundentes. Los recientes estudios, estadísticas, informes y la propia experiencia de docentes y alumnos reflejan la necesidad de plantearse otras opciones pedagógicas, como la educación diferenciada.

A la vista de lo que está ocurriendo en otros países, la profesora Calvo se pregunta por qué en España la educación mixta sigue siendo un dogma intocable. Insiste en el retraso que supone la imposición por parte de la autoridad de un modelo único y aboga, en cambio, por "la existencia y oferta, tanto de colegios mixtos como de diferenciados, públicos y privados". De lo contrario, concluye la autora, la educación se convierte en "un monopolio del Estado que decide qué es bueno y qué es malo para nuestros hijos".

En resumen, María Calvo defiende que la educación diferenciada es, además de razonable, "una opción absoluta y verdaderamente progresista". En pocas páginas ofrece al lector argumentos atractivos y datos científicos para afrontar un debate que, en España, todavía no se ha tenido.

El ocaso de una cultura milenaria

Historias de Pekín

DAVID KIDD. Libros del Asteroide. 240 páginas.


El estadounidense David Kidd se encontraba en Pekín cuando los comunistas llegaron al poder y asistió al ocaso de una China milenaria y al nacimiento de una época revolucionaria. Este libro recoge las memorias de los años que pasó en la capital china (entre 1946 y 1950), donde se casó con la hija de una aristócrata y acaudalada familia local.

"Siempre tuve la esperanza -señala el propio Kidd- de que algún académico joven y brillante se interesaría por nosotros y por nuestros amigos chinos antes de que fuera demasiado tarde, de que estuviéramos todos muertos y las maravillas que habíamos contemplado quedarían sepultadas en el olvido. Pero este joven no ha aparecido y, por lo que sé, soy el único cronista con material de primera mano sobre esos años extraordinarios que vieron el final de la vieja China y los comienzos

de la nueva."

Y es ahí, en ese relato de primera mano, minucioso y conmovedor, donde encontramos uno de los principales atractivos de "Historias de Pekín". David Kidd nos ofrece el retrato íntimo de un mundo elegante y refinado, el de la aristocracia, cargado de viejas costumbres milenarias que iban a ser destruidas con la revolución comunista.

David Kidd (1927-1996) nació en Corbin, Kentucky. A finales de 1946, tras licenciarse en la Universidad de Michigan donde había estudiado Cultura China, se marchó a la Universidad de Yenching, en Pekín. Allí estudió poesía china y dio clases de inglés en la Universidad de Qinghua. Vivió en Pekín durante cuatro años -incluyendo los de la toma del poder por los comunistas-, en el transcurso de los cuales se empapó de la cultura artística del país, frecuentó a ilustres expatriados como John Blofeld o William Empson y conoció a la que sería su esposa. Su matrimonio con Aimee Yu, una joven de la aristocracia pequinesa, le permitiría conocer de primera mano el desmoronamiento de la antigua China.



Correr tras el propio sombrero

G.K. CHESTERTON.
El Acantilado. 632 páginas.

Antología de textos del genial escritor inglés seleccionados por Alberto Manguel y agrupados en diez secciones. Hay un apartado dedicado a la crítica literaria que incluye una "Defensa de las novelas de detectives"; otra sección titulada "Escribir mal", sobre el arte de escribir, y otros textos sobre el absurdo y la paradoja, de la que Chesterton es un maestro consumado.

En total son casi cien breves escritos con los que disfrutar de un autor que en los últimos años



ha vuelto a ponerse de actualidad, tal vez por su apabullante sentido común a la hora de abordar las cuestiones más diversas. El Acantilado ha publicado recientemente la "Autobiografía" de este inigualable periodista y escritor inglés.

Una auténtica locura

JUDITH WARNER.
Ediciones Península. 336 páginas.

Hornear galletas frenéticamente a media noche. Agendas de citas para ir a jugar a casa de alguien más complicadas que las de una cumbre por la paz. Se acabó el sexo. Se acabó salir de noche. Se acabó dormir... ¿Qué errores hay en este dibujo? Es la pregunta que se hizo Judith Warner después de observar, en el mundo de la maternidad moderna, a las mujeres ansiosas en el trabajo, en el hogar y en el lecho. "Una auténtica locura ofrece" un relato de la cultura y la vida contempo-



ráneas. También examina los motivos por los que las madres que aparentemente lo tienen todo se sienten agotadas, insatisfechas e impotentes, e investiga cómo las madres actuales se han convertido en unas fanáticas del control.

Diario de Paula

JOSÉ RAMÓN AYLÓN.
Editorial Bruño. 153 páginas.

De regreso en su casa de Barcelona, en Navidad, Paula recuerda lo sucedido en el último trimestre que pasó en Vigo. En una especie de larga carta para Borja, el chico del que se ha enamorado, rememora cómo ha sucedido esto y algunas otras cosas de su pasado.

El autor vuelve a los mismos sucesos de su anterior novela, "Vigo es Vivaldi", y los cuenta desde otra perspectiva con la intención de fabricar un relato complementario pero independiente. Sin embargo, su lectura



debe ser posterior si se quieren captar mejor muchas anécdotas y, sobre todo, porque sólo así se verán las cosas a la luz que proporciona el final de la primera historia. El autor logra recoger el mundo interior de la protagonista y llegar al corazón del lector.

LOS MÁS VENDIDOS

FICCIÓN

- 1 Memorias de una geisha.** Arthur Golden (Suma).
- 2 La sombra del viento.** Carlos Ruiz Zafón (Planeta).
- 3 Las crónicas de Narnia.** C.S. Lewis (Planeta).
- 4 La historiadora.** Elisabeth Kostova (Umbriel).
- 5 Zigzag.** José Carlos Somoza (Plaza & Janés).
- 6 Pasiones romanas.** María de la Pau Janer (Planeta).

NO FICCIÓN

- 1 Los fogones de José Andrés.** José Andrés (Planeta).
- 2 El hombre en busca de sentido.** Viktor E. Frankl (Herder).
- 3 El viaje a la felicidad.** Eduard Punset (Destino).
- 4 El aprendiz de sabio.** Bernabé Tierno (Grijalbo).
- 5 Felipe González.** Alfonso S. Palomares (Ediciones B).
- 6 Breve historia del saber.** Charles van Doren (Planeta).

LINGUA GALEGA

- 1 A república dos sonhos.** Néldia Piñón (Galaxia).
 - 2 O heroe.** Manuel Rivas (Xerais).
 - 3 Conversas con Xosé Luis Méndez Ferrín.** X.M Del Caño. (Xerais).
- CON LA COLABORACIÓN DE LAS LIBRERÍAS:
VIGO: El Corte Inglés, Librouro y Casa del Libro.
VILAGARCÍA: Limiar.
OURENSE: La Viuda.

En exclusiva

las mejores obras clásicas a un precio irrepetible

2⁹⁵€

El extraño caso del doctor Jekyll y Mr. Hyde R.L. Stevenson,
La vida es sueño Pedro Calderón de la Barca,
Las aventuras de Arthur Gordon Pym Edgar Allan Poe...

y muchos otros títulos más

CASA DEL LIBRO

Velázquez Moreno 27 36202 Vigo Tel. 986 441 679

X.L.
MÉNDEZ
FERRÍN



CONSULTORIO DOS NOMES E DOS APELIDOS GALEGOS

Masonas

Na semana pasada falabamos dos nomes misteriosos, ditos *simbólicos*, que os masóns usan na súa rica e complicada vida societaria. Unha comunicante preguntame se na Masonaría de Galicia hai ou houbo mulleres e cales nomes simbólicos gastaban ou gastan elas. Ao que respondo que, segundo os datos de Alberto Valín, de 1.310 masóns rexistrados en Galicia no século XIX, 37 eran mulleres. Convén a saber que nas *Constitutions* ou Charta básica da Francmasonaría Universal que Anderson e Desaguliers establecen no século XVIII dise que esta sociedade non pode acoller “nin escravos, nin mulleres, nin homes inmoraís”, o que se vén cumprindo nas loxias chamadas “regulares” deica hoxe; seica.

Malia este sexismo orixinal, a Francmasonaría amparou durante o século XIX a vindicación feminista no plano teórico e no práctico. Para paliaren o dictado das *Constitutions*, as loxias “regulares” criaron a figura das “Cámaras de Adopción” nas cales eran iniciadas mulleres masonas, todas elas cun particular nome simbólico, e nas cales se instituíu un sistema de graos específico. Mais, por outra banda, houbo luminosas comunidades masónicas que chegaron máis lonxe e que organizaron loxias ou talleres nos que os homes e as mulleres podía convivir en réxime de paridade absoluta, aínda que, nestes casos, tales masonas e masóns incorrían, e incorren, en “irregularidade” manifesta.

Supoño que a maioranza das 37 masonas galegas rexistradas por Valín estarían incluídas en “Cámaras de Adopción”, e, polo citado autor, sabemos da presenza de mulleres nas décadas dos 80 e 90 do século XIX nas loxias seguintes: *Francisco Arouet de Voltaire n.º 118*, *Asilo de la Virtud n.º 68/n.º 82*, *Luz de Finisterre n.º 11/n.º 4*, de Ferrrol; *Adalides del Progreso n.º 36*, de Verín; *Hijos del Trabajo n.º 175*, *Progreso n.º 39* e *Libertad*, da Coruña; *Luz del Avia n.º 641/n.º 66*, de Ribadavia; *Sol de Arosa n.º 163*, de Vilagarcía; *El Brillante n.º 11/n.º 175*, do Barco; *Moreto n.º 230*, de Lugo; *Daguerre n.º 103*, de Compostela.

Caso fascinante (para este consultor) é o das loxias *Valle Hermoso n.º 17* e *Unión n.º 98* de Monforte. Alí consta (polo menos) unha muller, xa non en calidade de “adoptada” senón con plenos dereitos francmasónicos. Efectivamente, a Pedreira Libre Xohana Díaz Ferrer, de nome simbólico Mariana, ostentará as dignidades de Segundo Vixiante e de Esmoleira, a tal ocorria no ano 1891; isto é, antes de que, como escribe Alberto Valín, en Francia “Georges Martin e Marie Deraismes logren, o 7 de marzo de 1896, que se constituía a primeira obediencia masónica sexualmente mixta da Historia da Humanidade”. Trátase da Orde Masónica Mixta Internacional *O Dereito Humano*, naturalmente “irregular”. Igual que o Xaneiro de 1968 na Universidade Galega fo, obviamente, anterior ao Maio de 1968 en París.

Polo tanto, a importancia da



Masonaría feminina en Galicia foi notábel e non pode deixar de se pór en relación co vigor da literatura escrita por mulleres galegas, maioritariamente progresistas, no século XIX e principios do XX. O pensamento de Concepción Arenal e a poesía, e tamén a prosa e o pensamento, de Rosalía de Castro, que escribiron hostilizadas, cadansúa ao seu xeito, polo conservadurismo, teñen o polo apostado nas ideas católicas ortodoxas e politicamente reaccionarias doutra muller: Emilia Pardo Bazán. Galicia é así.

¿E cales eran os nomes simbólicos que usaban as masonas galegas do século XIX? Segundo deducimos dos informes de Valín, destacan os *simbólicos* referidos a virtudes de principios políticos, que por

vezes son adoptados por máis de unha masona, tales como: Caridad, Constancia, Ibérica (nunca “Española”), República, Firmeza, Fe, Paz, Libertad. Coñecemos dúas Rosario de Acuña, en honor da escritora masona de antepasados galegos que finou en Xixón e exerceu larga influencia no universo do librepensamento. Algunha figura histórica tamén lles poido servir a elas de inspiración, e así hai varias masonas galegas chamadas simbolicamente Mariana Pineda (pola vítima que Lorca faría eterna),

María Pita e Agustina de Aragón. A mitoloxía, unida á eufonía, suscitoulle seu nome simbólico á masona Amalia Armesto de Aldao, irmá do socialista Indalecio Armesto e nai do filólogo Víctor Said Armesto, a cal se fixo chamar Iris. Algún nome bíblico, como Sara, xorde eiquí e acolá. Ou, acaso, unha devoción literaria, como Madame Staël, aquela escritora que admira Rosalía, provoca un *simbólico*. Na lista de Valín encóntranse varias Lía e certas Zoraida, Zaragoza ou Plasencia.



Todos os lectores e lectoras que sintan curiosidade polas orixes do seu nome de pía ou dos seus apelidos poden consultar esta sección. Escriban por correo ordinario a X.L. Méndez Ferrín, FARO DE VIGO, Rúa Uruguay, 10-A. Apartado de Correos 91. VIGO. Sección: Consultorio dos Nomes e dos Apelidos Galegos.

O feminismo masónico noso é este: a loxia primordial de 1868 denomínase *Rosalía*; iso é: Galicia. Isto é: “G”.

Andrade

Atopámonos diante dun apelido privativo de Galicia, onde é abundante. Tamén inza en Portugal aínda que o propio J.P. Machado lle concede orixe galega. Usou este apelido unha poderosa familia de señores baixomedievais do NW do Reino na que destacou Fernán Pérez de Andrade, dito O Bóo por construír pontes e camiños e mandarlle a Fernán Martís a tradución da *Crónica Troiana* ao noso idioma, tradución que tan ben estudou Ramón Lorenzo. Distintivo destes Andrade era o porco bravo macho, en plan prehistórico lusitano. É apelido toponímico orixinario dos distintos lugares Andrade e Andreade que se encontran nos actuais concellos de Calde, San Amaro, Paradel e Pontedeume. A despeito de certas semellanzas formais, podemos decer que tales topónimos non teñen nada a ver co nome persoal Andreas/André, de procedencia grega. Nin tampouco parece que Andrade veña do nome, ben coñecido no Medioevo, Alde-retus. Boullón Agrelo, baseándose en Piel e Kremer, fala ben dun nome xermánico de persoa reconstruído e que sería *Andreatus. E así as varias (Villa) Andreati converteríanse naturalmente en Andrade ou Andreade. O problema é que non coñecemos ninguén que se chame Andreatus na documentación medieval galega. O que se explicaría coa posibilidade de que o antropónimo Andreatus só funcionase antes do ano 711, en tempos de grande penura documental, e de que, téndose perdido o seu uso, perdurase apenas no topónimo de posesor Andrade. Se isto fose así, constituiría un reforzo da tese nosa que propón que a formulación dos TAXX ocorreu antes da invasión árabe e nun período (suevo e visigodo) no que o xenitivo aínda era un caso utilizado polos falantes da Gallaecia. De todos xeitos, os primeiros Andrade foron persoas nativas dos lugares así ditos, e nun principio, eles tiveron que usar o apelido con preposición. Por exemplo: un tal Pedro de Andrade. Tal é o que lle pode decer a unha persoa cuxos apelidos son Andrade Pereira e que me escribe en Vigo.

Pereira

Trátase dun dos apelidos máis repetidos en Galicia e tamén vastamente usado en Portugal. De orixe toponímica, vén dos moitos poboados Pereira que aparecen en toda Galicia e Portugal do N. Este alto número de topónimos Pereira explica a súa frecuencia como apelido, o cal levan 24.227 galegos e galegos segundo os cálculos de Luz Méndez, entre eles a miña alumna Mónica Pereira. Os nomes de lugar que orixinan o apelido Pereira proceden á súa vez do nome común *pereira*, que en galego designa a árbores da familia das rosáceas cuxo nome científico é *Pyrus communis* e cuxo étimo é un latín vulgar *piraria*.